

## **Declaración institucional sobre a sensibilización e visualización da enfermidade de párkinson**

O pasado día 11 de abril celebrouse o Día Mundial do Párkinson, o que serve de motivo para alzar a voz e facer visible a enfermidade e a realidade de tódalas familias que conviven con ela na nosa provincia.

O párkinson afecta ao redor de 13.000 persoas en Galicia, sendo a segunda enfermidade neurodexenerativa de España e a día de hoxe non ten cura nin se coñece a orixe da mesma.

É unha enfermidade que golpea de forma diferente a cada persoa e convértese nunha condición que interfere na súa vida diaria, afectando tanto a súa calidade de vida como á da súa contorna. Por iso é moi importante coñecer como esta patoloxía afecta de maneira diferenciada a persoas mozas, maiores, mulleres, aos familiares, aos seus cuidadores ou incluso ás persoas que viven nunha poboación rural.

É imprescindible a concienciación e sensibilización sobre unha enfermidade con unha importante incidencia no noso país e a afectación tan complexa da súa sintomatoloxía, fronte unha visión estereotipada (como a vellez ou o tremor) que por desgraza aínda prevalece na nosa sociedade. Unha sociedade ben informada contribuirá a unha maior empatía coas dificultades que teñen as persoas con párkinson no seu día a día.

Como administración temos o deber de impulsar a creación de políticas públicas que melloren a súa calidade de vida. É imprescindible garantir a calidade e continuidade asistencial das persoas con párkinson, poñendo ao dispor dos afectados e afectadas información, asesoramento e terapias rehabilitadoras específicas.

Por desgraza, non existen datos exactos sobre o número e perfil de persoas afectadas, existindo un déficit claro na investigación social e baixa produción científica en materia sociosanitaria, centrada na súa maior parte nos síntomas motores da enfermidade, facéndose necesario recoller datos reais de persoas afectadas, perfís sociodemográficos e resposta ante ós tratamentos. O Párkinson segue a ser, a día de hoxe, unha enfermidade enormemente descoñecida.

Por todo isto facémonos eco tamén das reclamacións das entidades sobre a necesidade inminente de recopilar e poñer a disposición pública datos fiables e actualizados sobre o impacto da enfermidade, así como o perfil da persoa afectada en base ao sexo, idade, procedencia ou outros factores determinantes.

Para finalizar, queremos poñer en valor o traballo realizado día a día polas asociacións que traballan (en concreto na nosa provincia) sensibilizando a sociedade, mellorando o día a día dos pacientes e as súas familias, poñendo ao seu dispor asesoramento sobre terapias tan importantes como a fisioterapia, a logopedia, a psicoloxía clínica ou o traballo social.

Por todo isto, os grupos provinciais propoñemos:

1. Mostrar o apoio da Deputación da Coruña ao manifesto proposto polas asociacións de párkinson de España e a Federación Española de Párkinson.

2. Adherirnos a súa campaña "A outra cara do Párkinson" coa que se pretende facer visible unha dimensión diferente do párkinson e dar a coñecer unha imaxe máis exacta e verdadeira fronte á visión estereotipada do párkinson que prevalece hoxe en día na sociedade.